



Santiago González Serrano

Xefe do Servizo II

Licenciado en Dereito e Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración (especialidade Estudos Administración Pública), ambas pola Universidade de Santiago de Compostela.

É funcionario de carreira do Corpo Superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia e funcionario de carreira do Corpo Superior do Parlamento de Galicia.

Na Xunta de Galicia, administración na que ingresou no ano 1993, desenvolveu a maior parte da súa carreira profesional en postos con funcións en materia de contratación, como Xefe do Servizo do Rexistro Xeral de Contratistas na Consellería de Industria e Comercio, e en materias xurídicas no Servizo Técnico-Xurídico da Consellería Xustiza e como Xefe do Servizo Técnico-Xurídico na Consellería de Presidencia.

No ámbito social, desempeñou o posto de Subdirector Xeral de Menores, actuando como Secretario da Comisión Interinstitucional do Menor e Patrono da Fundación Galega de Tutela de Adultos. No Servizo Galego de Saúde foi membro do Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia. Na Secretaría Xeral de Emigración ocupou o posto de Subdirector Xeral de Programas Sociais e foi Patrono da Fundación Galicia Emigración.

Posteriormente na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ocupou os postos de Analista de Xestión e Calidade, Subdirector Xeral de Coordinación de Servizos Transversais e Vicesecretario Xeral.

Foi membro da Xunta Directiva de Mutua Gallega en representación da Xunta de Galicia entre os anos 2010 e 2014.

No Parlamento de Galicia, ao que se incorporou en 2014, ocupou os postos de Director de Recursos Humanos e Réxime Interior e Técnico de Asistencia Parlamentaria.

Foi Profesional-Colaborador da Escola de Práctica Xurídica, Colexio de Avogados e Facultade de Dereito de Santiago de Compostela (cursos 2003 a 2009). Esta en posesión del Diploma de Directivo (EGAP) e ten superados cursos superiores en materia de Urbanismo, Relacións Laborais, Dereito da Organización e do Procedemento Administrativo; ase mesmo, foi relator de cursos en diversas materias na Escola Galega de Administración Pública.

En novembro de 2017, incorporouse á Institución do Valedor do Pobo como Xefe do Servizo II..